

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 5 DE MARZO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día cinco de marzo de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde presidente en funcións, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D. ÁNGEL PABLO PERMUY VILLANUEVA, D. MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBÁN, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA E PLANIFICACIÓN DE CIDADE

1. GABINETE DE ALCALDÍA E OFICINA DE PRENSA.- Aprobouse o Plan de actuación municipal de incendios forestais-incendios de Interface (PAM-IFIF).

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Aprobouse a licenza urbanística para a rehabilitación de vivenda para establecemento turístico rural en Piqueira, número 1, San Xoán do Campo (Exp: 2022/Y001/000198).

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS

3. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Aprobouse a contratación da subministración de produtos de limpeza, e hixiénico-sanitarios para os servizos da Área de participación e servizos para a veciñanza: recinto Cemiterio San Froilán e Prazas e Mercados. Aprobación do prego de condicións técnicas e prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e adxudicación por procedemento aberto simplificado abreviado. apertura do procedemento de adxudicación. Exp. Ref. 2025-C004-000013 e tamén se aprobou a contratación do servizo de coordinación de seguridade e saúde dos contratos de servizo de mantemento, conservación e reparación dos Ceips e escolas infantís, das instalacións deportivas e dos edificios municipais. Exp. Ref. 2024-C003-000003. 1ª prórroga do contrato dende o 06/03/2025 ata o 19/02/2026.

4. FOMENTO.- Aprobouse a sinatura do Convenio de Cooperación interadministrativa entre a Deputación Provincial de Lugo e os Concellos da Provincia para participar nas actuacións a desenvolver pola Deputación Provincial de Lugo no Proxecto Geopadrón ao amparo da Orde Ter/1235/2023, do 15 de novembro.

ACTAS E GOBERNO

JDR/cal

Refº: ispac6576271082747434417.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 5-3-2025

- Aprobouse a memoria anual de execución do Plan Estratéxico de Subvencións 2020-2022.

5. PERSOAL.- Aprobáronse as bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de Técnico/a Medio/a de Xestión pertencente ao cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo, en quenda de promoción interna (OEP 2024).

ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUTURAS URBANAS

6. MOBILIDADE E SANCIÓN.- Aprobouse a proposta de convalidación de acordo de recoñecemento de obrigas en relación á achega 2022-2023 derivada do Convenio Metropolitano de Galicia.

Fóra da orde do día:

- Deuse conta do Decreto número 2106/2025, do 3 de marzo, relativo ao mantemento do persoal eventual, logo do falecemento da Excma. Sra. alcaldesa, dona Mercedes Paula Alvarellos Fondo, ata a celebración do Pleno do artigo 40.5 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (2025/G004/000134).

Asinado dixitalmente polo tenente de alcaldesa delegado da Área de Transición Ecolóxica e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.